

<b>ASISTENTES:</b>	
<u>Presidente</u>	Mateo Alonso Corredera
<u>Estamento de Clubs</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Billar Viveiro</li> <li>○ Club Billar Galiano</li> <li>○ Círculo de las Artes</li> <li>○ Club Billaristas Errantes</li> <li>○ Sporting Club Casino</li> </ul>
<u>Estamento de Árbitros</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ José R. González Ventosinos</li> <li>○ Francisco Eiriz Guerra</li> </ul>
<u>Estamento de Deportistas</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Xosé Antonio Lago Alsina</li> </ul>
<u>Estamento de Técnicos</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Xoán Manuel Casal Rubio</li> </ul>
<u>Secretario</u>	Actuou como secretario Samuel García, por ausencia do titular.

ACTA dá reunión dá **ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA** dá Federación Galega de Billar, celebrada o día 9 de agosto de 2024, ás 19:00 horas en segunda convocatoria, de forma telemática, mediante videoconferencia, para tratar ou seguinte:

#### ORDE DO DIA:

- 1º Lectura do Acta da Sesión anterior
- 2º Actualización do Regulamento Deportivo
- 3º Actualización de Licenzas
- 4º Proxecto de Orzamento para 2025
- 5º Calendario Deportivo
- 6º Propostas dos Asembleístas
- 7º Rogos y preguntas

Os asembleístas Covadonga Marín, Adrián Trillo e o representante do Club Billar Teo, comunicaron a Federación a imposibilidade de asistir á reunión.

Seguidamente pásase a tratar o a Orde do Día.

### **1. Lectura da Acta da sesión anterior**

Omítese o paso de ler o acta anterior, xa que esta fora enviada coa convocatoria aos interesados.

Os asistentes están conformes e aproban o Acta.

### **2. Actualización do Regulamento deportivo.-**

Proponse o cambio do regulamento deportivo no que o artigo 13 pasará a ser

#### ***Artigo 13º INSCRICIÓN***

As inscricións faranse de acordo co tipo de torneo que se celebre.

Campionato de participación individual ou  
Campionato de equipos.

- **Campionato de participación individual**

Serán os propios xogadores os que soliciten a súa inscrición, ben directamente á Federación ou ben a través dou Club de pertenza. Neste último caso o Club remitirá á Federación unha relación dos xogadores que solicitara a súa inscrición a devandito torneo. Tanto nun caso coma noutro, deberá recibirse na Federación antes da data límite de peche de inscrición fixada na convocatoria.

- **Campionato por equipos**

Serán os Clubs os que inscriban ós seus respectivos equipos.

**Incluirase na convocatoria do torneo:**

- Cota de inscrición:
- Peche de inscrición:

As inscricións enviaranse ós seguintes correos:

*[fegabi@fegabi.es](mailto:fegabi@fegabi.es) e a [carambola@fegabi.es](mailto:carambola@fegabi.es)*

O importe das inscricións serán aboadas coma máximo 72 horas despois do peche de inscrición fixado na convocatoria. Transcorrido ese prazo, serán rexeitadas as inscricións non liquidadas.

A lista provisional de inscritos publicarase na web da FGB o día seguinte do peche de inscrición para que tanto os xogadores coma os Clubs dispoñan do prazo indicado na convocatoria para comprobar as súas inscricións e poder solucionar algún problema, no caso de que o houberse.

Pasado ese prazo, a lista de inscritos será definitiva e non será admitido ningún cambio.

Tras unha pequeno intercambio de opinións, aprobouse a proposta por 6 votos a favor, 2 en contra e 1 abstención.

### **3. Actualización de licencias**

Exponse por parte de presidente que a actualización de tarifas ven dada pola aprobación na Asemblea da RFEB da equiparación de licenzas masculinas e femininas.

Aprobouse a equiparación por unanimidade.

### **4. Proxecto de Orzamento para 2025**

Exponse o orzamento, xa que como expón o presidente por erro non se enviou este presuposto por correo.

O representante do Círculo de las Artes, expón para incluír nos presupostos a participación do Círculo das Artes no campionato de Europa de Clubs coma campión de España.

Se lle indica que se terá en consideración.

Aprobase por 8 votos a favor e 2 abstencións.

## **5. Calendario Deportivo**

Indicase que os torneos solicitados para carambola son os seguintes.

### ***Open Autonómico***

- Círculo de las Artes → Outubro 2024
- C.C.R. Chapela → Novembro 2024
- ***Sporting Club Casino de A Coruña → Febreiro 2025***
- Billaristas Errantes → Marzo 2025
- Billar Viveiro → Maio 2025
- Círculo de Chantada → Xuño 2025

### ***Open Provincial***

- Billaristas Errantes → Outubro 2024
- C.C.R. Chapela → Abril 2025

Despois dun cambio de impresións acórdase axustar a data de celebración dos torneos, o máis posible, ás solicitadas. Tendo en conta a prevalencia dos calendarios de ámbito nacional.

.Exponse por parte dos representantes de Billar Lalín e Club Billar Galiano a posibilidade de que a Copa Galicia, mande sobre outras competicións. Por parte da Federación se indica que se terá en conta e que se tentará evitar que coincidan competicións, pero no en todo caso esas coincidencias serían da liga Nacional e a Copa Galicia. Nese caso, tal e como se recolle no regulamento, a xornada de Copa Galicia se xogaría no domingo en lugar do sábado.

Indicase que á hora de facer os calendarios, farase que os desprazamentos sexan o menores posibles.

Indicase os asistentes que de acordo co Regulamento Deportivo, o calendario provisional enviarase nos vindeiros días.

## **6. Propostas dos asembleístas.**

- **Eliminación dos sorteos para os enfrontamentos da Copa Galicia**  
(proposta de Billar Galiano e Billar Viveiro)

Aprobase a eliminación do sorteo para os enfrontamentos dos partidos de Copa Galicia.

- **Para a elaboración da Lista de foza**

- 1) Lista libre sen ter en conta o nivel dos xogadores a elección do club.
- 2) Por promedio obtido na Copa Galicia anterior pero utilizando o promedio xeral das probas de ránking galego da tempada 2023-2024 para a Copa Galicia da tempada 2024-2025.
- 3) Por promedio obtido nas probas de ránking galego.
- 4) Por clasificación no ránking galego da tempada anterior.

Destas 4 propostas aprobase a segunda o obter cada unha das opcións seguintes puntuacións:

<b>OPCIÓN</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>VOTOS</b>	2	7	0	1

A continuación, votase como se ordenarán os xogadores que carezan de promedio ou que non houberan disputado un mínimo de dous partidos

Irán o final da lista podendo ordenar ó final da lista os xogadores que carezan de promedio a elección do club, aprobándose esta por unanimidade.

asómesmo, aprobase por unanimidade que se poderán intercambiar de posicións na lista de forza os xogadores que teñan unha diferenza menor de 0.100 entre eles.

## **Non condicionar o calendario da Copa Galicia a outros calendarios.**

Aprobase evitar na medida do posible a coincidencia de xornadas pero en todo caso a coincidencia de datas, que estas sexan entre Copa Galicia e Liga Nacional, pasando o partido de Copa Galicia para o domingo en lugar do sábado de acordo co artigo 43 do Regulamento Deportivo.

## **Desenrolar unha nova web**

Indicase que xa se está traballando nisto

### **Eliminación da realización do calendario por metades**

Aprobouse por 8 votos a favor e 2 en contra a realización dos horarios de forma secuencial, eliminando o sistema que se estaba a empregar de ir por metades cada dúas rondas.

Indicase a conveniencia de realizar algunha enquisa de cara a obter a opinión dos xogadores galegos de cara a coñecer ás súas preferencias en canto á organización dos torneos.

### **7. Rogos e preguntas.-**

- O Director Deportivo de Carambola, Samuel García, expón que se están a dar incidencias nas dirección deportivas dos torneos por descoñecemento da normativa expoñendo a necesidade de que estea sempre presente un Director deportivo (xa séa o titular ou un suplente) cos coñecementos necesarios para actuar como tal.
- Indicase que se fará unha plantilla de informe de torneo de cara a facilitar que os directores deportivos envíen a federación as incidencias acaecidas Faise constar que o envío de este informe, e de obrigado cumprimento de acordo con regulamento Deportivo.
- Indicase tamén, que se realizará un curso ou charla de cara a reforzar ós directores deportivos os puntos nos que se adoita ter máis erros de cara a evitalos no futuro.
- Proponse modificar o logotipo da Federación incluíndo unha bola de Pool, de acordo co realizado no anagrama da RFEB.
- Francisco Eiriz indica que por parte da Federación debería promoverse a realización dun segundo Autonómico nos clubs Sporting Club Casino e Círculo das Artes, o dispoñer de 4 mesas, que facilitarían a realización do torneo en dous fins de semana.

Comunicádelle que segundo o regulamento só pódese organizar un autonómico por club, salvo excepcións, ademais dos problemas de calendario.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 21:55 horas do día 09 de agosto de 2024.